



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

21 MAR. 2024 11:43:15

Entrada **18062**

Pregunta sobre o mantemento das axudas aos mariscadores e mariscadoras da Ría do Burgo

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á urxencia do mantemento das axudas aos mariscadores e mariscadoras na Ría do Burgo.**

As actuacións de dragaxe e rexeneración da Ría do Burgo (A Coruña) finalizarán completamente no mes de abril, momento no que se procederá á sementeira do marisco coas catro especies de marisco propias deste espazo (berberechos e tres variedades de ameixa).

Con todo, como xa sabe o Goberno, será necesario esperar un período de entre 18 e 24 meses para que se restaure a capacidade produtiva e as persoas traballadoras no marisqueo poidan volver vivir do seu traballo. Co cal, o sector deberá agardar un mínimo de ano e medio ata poder normalizar a situación e poder obter ingresos derivados da actividade marisqueira, agora interrompida polas obras de dragaxe.

Por iso é cada vez máis urxente adoptar unha decisión firme, antes de que remate o mes de abril e que volvan producirse cruzamentos de responsabilidades entre o Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e a Xunta da Galiza sobre cal debe ser a administración responsábel de asumir o custo do mantemento axudas e que, mentres tanto, as e os traballadores queden sen ingreso ningún.

Por todo iso, os mariscadores reclaman ao Ministerio e á Xunta entendemento e colaboración para, mediante un novo convenio, manter as axudas que cubra



aos mariscadores desde que se realice a sementeira de bivalvos até que estes alcancen o tamaño comercial regulamentario para poder extraelos e a confraría poida retomar a súa actividade, isto é, 24 meses.

Creemos que o lóxico é que as axudas se estendan ao ciclo completo, lográndose a normalización da capacidade produtiva e a recuperación da actividade económica en condicións.

O BNG xa preguntou en dúas ocasións anteriores sobre este tema, pero o Ministerio non facilitou a información requirida, neste momento urxe, cada vez máis claridade e mantemento do compromiso por parte do Goberno do Estado.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Negociará e coordinará o Ministerio coa Xunta de Galiza para chegar a un acordo que permita o mantemento das medidas compensatorias establecidas na actualidade para o sector marisqueiro da Ría do Burgo ata a recuperación íntegra da capacidade produtiva tras a sementeira do marisco nos bancos cando terminen as obras de rexeneración, isto é durante os próximos 24 meses?
2. Vai asumir o Ministerio o mantemento das axudas?

Madrid, a 21 de marzo de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita a la urgencia del mantenimiento de las ayudas a los mariscadores y mariscadoras en la Ría del Burgo.**

Las actuaciones de dragado y regeneración de la Ría del Burgo (A Coruña) finalizarán completamente en el mes de abril, momento en el que se procederá a la siembra del marisco con las cuatro especies de marisco propias de este espacio (berberechos y tres variedades de almeja).

Con todo, como ya sabe el Gobierno, será necesario esperar un período de entre 18 y 24 meses para que se restaure la capacidad productiva y las personas trabajadoras en el marisqueo puedan volver a vivir de su trabajo. Con lo cual, el sector deberá esperar un mínimo de año y medio hasta poder normalizar la situación y poder obtener ingresos derivados de la actividad marisquera, ahora interrumpida por las obras de dragado.

Por eso es cada vez más urgente adoptar una decisión firme, antes de que finalice el mes de abril y que se vuelvan a producir cruces de responsabilidades entre el Ministerio para la Transición Ecológica y Reto Demográfico y la Xunta de Galiza sobre cuál debe ser la administración responsable de asumir el coste del mantenimiento ayudas y que, mientras tanto, las y los trabajadores queden sin ingreso ninguno.

Por todo ello, los mariscadores reclaman al Ministerio y a la Xunta entendimiento y colaboración para, mediante uno nuevo convenio, mantener las ayudas que cubra a los mariscadores desde que se realice la siembra de



bivalvos hasta que estos alcancen el tamaño comercial reglamentario para poder extraerlos y la cofradía pueda retomar su actividad, esto es, 24 meses.

Creemos que lo lógico es que las ayudas se extiendan al ciclo completo, lográndose la normalización de la capacidad productiva y la recuperación de la actividad económica en condiciones.

El BNG ya preguntó en dos ocasiones anteriores sobre este tema, pero el Ministerio no facilitó la información requerida, en este momento urge, cada vez más, claridad y el mantenimiento del compromiso por parte del Gobierno del Estado.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. Negociará y coordinará el Ministerio con la Xunta de Galiza para llegar a un acuerdo que permita el mantenimiento de las medidas compensatorias establecidas en la actualidad para el sector marisquero de la Ría del Burgo hasta la recuperación íntegra de la capacidad productiva tras la siembra del marisco en los bancos cuando terminen las obras de regeneración, esto es durante los próximos 24 meses?
2. Va a asumir el Ministerio el mantenimiento de las ayudas?

Madrid, a 21 de marzo de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso